



XUNTA DE GALICIA

PROXECTO DE DECRETO....., polo que se aproba o Regulamento de organización e réxime de funcionamento do Xurado de Expropiación de Galicia

A expropiación forzosa, tal e como ten declarado o Tribunal Constitucional, é unha garantía constitucional do dereito da propiedade privada na medida na que se asegura unha xusta compensación económica a quen, en interese social ou ben por razóns de utilidade pública, se priva dos seus bens ou dereitos de contido patrimonial, sendo ademais un instrumento fundamental, posto ao dispor dos poderes públicos para o cumprimento dos fins de ordenación territorial e conformación ás necesidades crecentes de xustiza social.

A Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, creou o Xurado de Expropiación de Galicia e o Decreto 223/2005, do 16 de xuño, regulou a súa organización e funcionamento, configurándoo como un órgano colexiado permanente da Comunidade Autónoma especializado nos procedementos para a fixación do prezo xusto na expropiación forzosa, cando a Administración expropiante sexa a Comunidade Autónoma ou as entidades locais do seu ámbito territorial.

Actualmente a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o seu regulamento, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro, regulan os principios básicos da súa organización e funcionamento. E o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia modifica a consellería de adscrición e regula determinadas cuestións relativas a súa Presidencia.

O tempo transcorrido dende a creación do Xurado de Expropiación de Galicia, as modificacións normativas introducidas e a experiencia acadada nestes anos aconsellan modificar a súa regulación, a fin de axustar a composición do órgano ás disposicións vixentes e reformular as súas



XUNTA DE GALICIA

funcións, tales como a emisión de informes e a formación de valoradores, entre outras. Así mesmo, introdúcense algunhas precisións que permitan mellorar o funcionamento ordinario do órgano, que actúa con independencia xerárquica e de criterio, coa vontade de clarificar e completar o procedemento interno de determinación do prezo xusto, potenciar o protagonismo da sociedade civil gañando en obxectividade e transparencia, e finalmente acercando o Xurado de Expropiación á cidadanía e ás entidades implicadas.

Coa entrada en vigor da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ábrese un novo escenario normativo para a consolidación da administración dixital nas administracións públicas, e polo tanto tamén no sector público autonómico de Galicia. A finalidade é a de promover o uso das tecnoloxías da información e as comunicacións nas relacións entre a Administración pública e a cidadanía e entre as diferentes administracións, e dar cumprimento ás prescricións legais da administración electrónica en vigor. Coa presentación electrónica dos procedementos, garántase no Xurado de Expropiación de Galicia o principio de celeridade que a Administración galega asume dentro dos seus compromisos de actuación, a redución dos prazos de resposta, así como a supresión ou simplificación da documentación requirida.

Esta norma contempla os principios de boa regulación, establecidos no artigo 129 da lei 39/2015, en relación á necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, que deben rexer no exercicio da potestade regramentaria das Administracións Públicas.

Por ultimo, o Xurado de Expropiación de Galicia ademais de actuar como órgano colexiado, conta para o exercicio das súas funcións cunha estrutura administrativa propia cuxa organización se regula no presente decreto.



XUNTA DE GALICIA

Na súa virtude, por proposta da conselleira de Infraestruturas e Vivenda, de acordo co ditame do Consello Consultivo de Galicia, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día.....,

DISPOÑO:

Artigo único. Aprobación do regulamento

Aprobase o Regulamento de organización, funcionamento e réxime interior do Xurado de Expropiación de Galicia cuxo texto se inclúe a continuación.

Disposición adicional primeira. Colaboración coa Administración Xeral do Estado

O Xurado de Expropiación de Galicia, a través da consellería de adscrición, poderá subscribir convenios coa Administración do Estado para intervir nos expedientes de prezo xusto nas expropiacións que leve a cabo esa Administración no territorio galego.

Disposición adicional segunda. *Memoria anual*

O Xurado aprobará unha memoria anual na que se recolla dun xeito sintético e ordenado os principais indicadores da actividade levada a cabo durante ese período.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa*



XUNTA DE GALICIA

1. Derrogase a disposición adicional cuarta do Decreto 177/2016, de 15 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia.
2. Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango sexan contrarias ao contido deste decreto, en particular, o Decreto 223/2005, do 16 de xuño, polo que se aproba o regulamento de organización e funcionamento do Xurado de Expropiación de Galicia, e a disposición derradeira terceira do Decreto 143/2016, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación de desenvolvemento normativo*

Facúltase á persoa titular da consellería á que estea adscrita o Xurado de Expropiación de Galicia para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste decreto.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación de formularios normalizados.*

Facultase á persoa titular da Presidencia do Xurado de Expropiación de Galicia para ditar as resolucións necesarias establecer os formularios normalizados que se vaian empregar nos procedementos regulados na presente disposición.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor*

O presente decreto entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.



XUNTA DE GALICIA

Santiago de Compostela,....

Alberto Núñez Feijóo

Presidente

Ethel Vázquez

Conselleira de Infraestruturas e Vivenda

Regulamento de organización, funcionamento e réxime interior do Xurado de Expropiación de Galicia

CAPÍTULO I

Disposicións xerais



XUNTA DE GALICIA

Artigo 1. *Natureza*

O Xurado de Expropiación de Galicia é o órgano colexiado permanente da Comunidade Autónoma de Galicia especializado nos procedementos para a fixación do prezo xusto na expropiación forzosa, cando a Administración expropiante sexa a Comunidade Autónoma ou as entidades locais do seu ámbito territorial.

O Xurado de Expropiación de Galicia actúa no cumprimento das súas funcións con plena autonomía funcional, sen estar sometido a instrucións xerárquicas.

Artigo 2. *Funcións*

1. Son funcións do Xurado do Xurado de Expropiación:

a) A fixación en vía administrativa do prezo xusto nos procedementos de expropiación forzosa cando o particular, titular de bens e dereitos, rexeite o prezo fundado ofrecido pola Administración expropiante, de acordo co disposto nos artigos 31 e seguintes da Lei do 16 de decembro de 1954, sobre expropiación forzosa.

b) A fixación do prezo xusto expropriatorio nos procedementos de taxación conxunta cando as persoas interesadas titulares de bens e dereitos manifesten a súa desconformidade coa valoración establecida no expediente aprobado, segundo o establecido no artigo 118 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro.

c) A nova valoración de bens e dereitos expropiados cando estes experimentasen cambios que condicionen o seu valor na data de exercicio do dereito de reversión e nos supostos de atraso no



XUNTA DE GALICIA

pago da cantidade fixada como xusto prezo, segundo o disposto nos artigos 55.2 e 58 da Lei do 16 de decembro de 1954, sobre expropiación forzosa.

d) A valoración de indemnizacións por ocupacións temporais segundo o establecido no artigo 113 da Lei do 16 de decembro de 1954, sobre expropiación forzosa.

e) A fixación do prezo xusto nos procedementos de expropiación por ministerio da lei de acordo co disposto no artigo 86 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia e demais normativa de aplicación.

f) A valoración dos dereitos que se extingan, incluídos nos proxectos de compensación, cando exista discrepancia dos titulares dos dereitos, de acordo co artigo 125.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro.

g) Calquera outra que lle atribúa a normativa vixente.

2. Así mesmo, o Xurado poderá establecer directrices que conteñan os criterios de valoración para determinados tipos de solo.

Artigo 3. *Adscripción e sede*

1. O Xurado de Expropiación de Galicia estará adscrito á consellería que en cada momento determine o decreto que regule a estrutura orgánica da Xunta de Galicia

2. Ten a súa sede na cidade de Santiago de Compostela.



XUNTA DE GALICIA

Artigo 4. *Organización*

O Xurado de Expropiación de Galicia funciona en Pleno e seccións.

CAPÍTULO II

O Pleno

Artigo 5. *Composición*

1. O Pleno do Xurado de Expropiación de Galicia está composto por:

a) A presidencia

b) As vogalías

c) A secretaría

Artigo 6. *A Presidencia*

1. Pode ostentar a Presidencia do Xurado de Expropiación de Galicia unha persoa funcionaria de carreira con licenciatura ou grao en dereito, arquitectura ou enxeñaría, pertencente ao corpo ou escala do grupo A, subgrupo A1, con máis de dez anos de experiencia profesional.



XUNTA DE GALICIA

2. A Presidencia será seleccionada mediante convocatoria pública realizada de acordo cos principios de igualdade, publicidade, mérito e capacidade. A designación e cese realizarase por orde da persoa titular da consellería de adscrición.

3. En caso de vacante, ausencia ou enfermidade da Presidencia, esta será substituída polo vogal de maior antigüidade previsto no artigo 7.1 b) e en caso de empate, polo de maior idade.

4. Correspóndelle á Presidencia do Xurado a representación máxima do órgano colexiado así como todas as funcións que como titular do mesmo lle atribúe o artigo 16 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento de la Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Artigo 7. As vogalías

1. Ostentan as vogalías:

a) Un/ha asesor/a xurídico/a, pertencente á escala de letrados da Xunta de Galicia.

Será nomeado/a mediante o procedemento de libre designación, pola persoa titular da consellería de adscrición, a proposta da dirección da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia.

b) Tres persoas funcionarias pertencentes ao corpo facultativo superior de Administración especial da Xunta de Galicia, con titulacións en arquitectura, enxeñería agrónoma, enxeñería de camiños, canles e portos ou enxeñería de montes.



XUNTA DE GALICIA

Serán nomeados mediante o procedemento de libre designación pola persoa titular da consellería de adscrición, a proposta da Presidencia do Xurado.

c) Unha persoa funcionaria pertencente ao corpo ou escala do grupo A, subgrupo A1 da Xunta de Galicia, con competencia en materia de valoracións, nomeada por orde da consellería de adscrición a proposta da consellería competente en materia de facenda.

d) Unha persoa funcionaria pertencente ao corpo ou escala do grupo A, subgrupo A1, nomeada por orde da persoa titular da consellería de adscrición, a proposta da Federación Galega de Municipios e Provincias.

e) Un titulado universitario oficial de grado ou equivalente, con experiencia nas materias propias do ámbito de competencias do Xurado, designado por orde da consellería de adscrición, a proposta do Consello Galego de Consumidores e Usuarios.

f) Catro profesionais libres colexiados con acreditada competencia nas materias propias das competencias do Xurado, nomeados por orde da consellería de adscrición, a proposta dos presidentes dos colexios profesionais de Galicia aos que pertencen:

1º Un enxeñeiro agrónomo, se se trata de predios rústicos.

2º Un enxeñeiro de camiños, canles e portos, cando se trate de aproveitamentos hidráulicos u outros bens propios da súa especialidade.

3º Un enxeñeiro de montes, cando o principal aproveitamento do solo expropiado sexa forestal.



XUNTA DE GALICIA

4º Un enxeñeiro de minas, nos casos de expropiación de dereitos mineiros.

5º Un arquitecto, cando a expropiación afecte a solo urbano.

6º Un enxeñeiro industrial, cando se trate de industrias en xeral.

7º Un economista, cando a expropiación recaia sobre valores mobiliarios.

A Presidencia do Xurado convocará a cada reunión aos representantes dos colexios profesionais anteriormente enumerados, que resulten máis idóneos en función da natureza dos bens ou dereitos obxecto de expropiación.

2. As persoas titulares das vogalías previstas nos apartados a) e b) do apartado anterior serán temporalmente substituídas nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade, por quen designe o órgano competente para o seu nomeamento.

As persoas titulares das vogalías previstas nos apartados c), d) e e), serán temporalmente substituídas nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade polos suplentes designados no momento do seu nomeamento.

3. Correspóndelles ás vogalías o exercicio das funcións que o artigo 17 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, lles atribúe aos membros dos órganos colexiados, así como aquelas outras que expresamente lles atribúa a lexislación vixente. En especial, correspóndelles aos vogais previstos no apartado 1b) deste artigo, a realización do relatorio de valores no Pleno.



XUNTA DE GALICIA

4. As persoas titulares das vogalías teñen o dereito e o deber de asistir ás reunións e exercer as funcións que lles corresponden, de conformidade co establecido na lexislación vixente.

Artigo 8. *A Secretaría*

1. Ostenta a Secretaría do Xurado un/ha funcionario/a do corpo superior de Administración xeral da Xunta de Galicia pertencente ao grupo A, subgrupo A1, designado pola consellería de adscrición polo procedemento de libre designación.

2. O/A secretario/a do Xurado actúa nas sesións plenarias con voz pero sen voto.

3. Nos supostos de ausencia, vacante ou enfermidade da persoa titular da Secretaría, será substituída por quen designe a Presidencia.

4. Correspóndelle á persoa titular da Secretaría as funcións que lle atribúe o artigo 18 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e os artigos 16, 17 e 18 da Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público e demais que sexan de aplicación.

Artigo 9. *Persoal asesor*

De xeito motivado, a Presidencia do Xurado poderá solicitar o asesoramento de expertos en relación cos expedientes expropiatorios cuxa complexidade ou especialidade así o requira, podendo intervir nas reunións do Xurado tanto do Pleno como das seccións con voz pero sen voto.

Artigo 10. *Representante da Administración expropiante*



XUNTA DE GALICIA

Un representante da Administración expropiante poderá asistir ás sesións do Xurado, nas que actuará con voz e sen voto. O representante deberá ostentar a condición de empregado público e será designado pola Administración correspondente.

Artigo 11. *Duración do nomeamento*

1. A Presidencia e as vogalías previstas nos apartados c), d), e) e f) do artigo 7.1, serán designados por un período de catro anos, non obstante, continuarán no exercicio das súas funcións ata o nomeamento dos novos membros.

2. Os titulares das vogalías previstas nos apartados c), d), e) e f) do artigo 7.1 poderán ser substituídos a proposta das entidades, organizacións e asociacións que os propuxesen, e os así nomeados permanecerán no seu cargo, como máximo, polo tempo que lle restase ao substituído para o cumprimento do mandato.

CAPÍTULO III

As seccións

Artigo 12. *Composición*

1. As seccións están compostas por cinco vogalías, tres das cales serán as indicadas no artigo 7.1. b), a vogalía representante da Federación Galega de Municipios e Provincias prevista no artigo 7.1.d) e unha vogalía en representación dos colexios profesionais indicados no artigo 7.1 f).



XUNTA DE GALICIA

2. As vogalías de cada sección serán designadas polo Pleno entre as máis idóneas en función da materia que teña atribuída, segundo o indicado no punto anterior.

3. A presidencia de cada sección será exercida por unha das vogalías previstas no apartado b) do artigo 7.1, elixida polos membros da sección correspondente.

4. A secretaría de cada sección será exercida por unha das vogalías previstas no apartado b) do artigo 7.1, elixida polos membros da sección correspondente. O/A secretario/a da sección actúa nas sesións con voz e con voto.

Artigo 13. *Categorías de seccións*

1. As seccións, constituídas con carácter permanente, son tres:

a) Primeira, competente para o estudo e a formulación de propostas de valoración nos expedientes de expropiación en solo urbano, de núcleo rural, urbanizable ou en situación de urbanizado, e edificacións, segundo a lexislación que sexa de aplicación en cada caso concreto.

b) Segunda, competente para o estudo e a formulación de propostas de valoración nos expedientes de expropiación en solo rústico ou en situación de rural, segundo a lexislación que sexa de aplicación en cada caso concreto.

c) Terceira, competente para o estudo e a formulación de propostas de valoración nos expedientes de expropiación de actividades industriais e económicas.



XUNTA DE GALICIA

2. Correspóndelle ás seccións o estudo dos expedientes e a formulación das propostas de valoración ao Pleno.

CAPITULO IV

Réxime de funcionamento

Artigo 14. Incompatibilidades

1. Os membros do Xurado que desenvolvan a súa actividade no sector público estarán sometidos á normativa sobre incompatibilidades aplicable ao mesmo.

2. O traballo dos membros do Xurado que non desenvolvan a súa actividade no sector público resulta incompatible coa intervención, defensa ou asesoramento relativos aos expedientes de expropiación nos que houberen intervido, tanto en relación coas Administracións expropiantes como cos expropiados.

Artigo 15. Abstención e recusación

1. Os membros do Xurado están sometidos ás causas de abstención e recusación que establecen os artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico da Administracións Públicas.

Corresponden á Presidencia as funcións que os artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, atribúen ao superior xerárquico da persoa afectada por unha causa de abstención ou recusación. A Presidencia acordará o que proceda oíndo previamente ao membro afectado.



XUNTA DE GALICIA

2. Os membros do Xurado de Expropiación e calquera persoa que interveña nos expedientes de valoración de xusto prezo, en quen se dea algunha das circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, absteranse de intervir e comunicaranllo á Presidencia do Xurado, que resolverá o que proceda.

Artigo 16. *Indemnizacións e dietas*

1. Os vogais regulados no artigo 7.1 terán dereito ao percibo dos gastos de viaxe e dietas pola asistencia ás sesións do Xurado, segundo o disposto na normativa reguladora das indemnizacións por razón de servizo na Administración autonómica.

2. Os vogais regulados nos apartados e) e f) do artigo 7.1 e os asesores aos que se refire o artigo 9 que non teñan a condición de empregados públicos, terán dereito ao percibo de asistencias pola súa participación nas sesións do Xurado, nas contías que aprobe o Consello da Xunta de Galicia, segundo o disposto na normativa reguladora das indemnizacións por razón de servizo na Administración autonómica.

Artigo 17. *Convocatoria e sesións do pleno e das seccións*

1. As sesións do Pleno e das seccións celebraranse coa periodicidade que acorden as súas presidencia, en función do número de expedientes e das necesidades do servizo.

2. A convocatoria das sesións do Pleno e das seccións será efectuada pola secretaría por orde da presidencia e notificarase aos seus membros con, polo menos, corenta e oito horas de antelación. Salvo que non resulte posible, a farase por medios electrónicos segundo o disposto no artigo 17 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e no artigo 21 da



XUNTA DE GALICIA

Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

A convocatoria irá acompañada da orde do día, das propostas de valoración, no seu caso, e de calquera outra documentación que se estime necesaria en relación cos expedientes obxecto de valoración.

3. Para a válida constitución do Pleno e das seccións deberán estar presentes, os titulares da presidencia e a secretaria, ou no seu caso, de quen os supla, e a metade, polo menos, dos membros.

4. O Pleno e as seccións poderán constituírse e celebrar as súas sesións, tanto de forma presencial como a distancia segundo o disposto no artigo 17 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e artigo 21 da Lei 16/2010, do 17 de decembro.

Artigo 18. Inicio do procedemento ante o Xurado

1. O procedemento ante o Xurado de Expropiación iníciase, previa remisión do expediente completo de prezo xusto por parte da Administración expropiante.

2. Nos supostos de expropiación por ministerio da lei , o procedemento ante o Xurado de Expropiación iníciase, previa remisión do expediente polas persoas interesadas, as cales cando sexan suxeitos obrigados a relacionarse electronicamente coa Administración, segundo o artigo 14 da Lei 39/2015, de 1 de outubro ou cando non estando obrigadas, opten por esta vía, deberán remitir o expediente completo a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, mediante a presentación do formulario normalizado e documentación que



XUNTA DE GALICIA

se estableza na resolución da Presidencia do Xurado pola que se establezan os formularios normalizados que se vaian empregar neste procedemento.

Artigo 19. *Subsanación*

1. Se o expediente non estivera completo, a Secretaría requirirá á Administración expropiante ou á persoa interesada para súa subsanación no prazo de 15 días hábiles. En caso de que dita subsanación non se leve a cabo no prazo establecido, o expediente será devolto á Administración expropiante ou á persoa interesada.

2. Unha vez completado o expediente, a Secretaría procederá a súa distribución entre as diferentes seccións, segundo a natureza do ben ou dereito obxecto do valoración.

Artigo 20. *Actuación das seccións no procedemento*

1. As seccións formularan unha proposta de valoración logo de estudar e valorar cantas alegacións e probas formen parte do expediente e sobre a base dos informes dos vogais aos que fai referencia o artigo 7.1 b) e do persoal técnico adscrito ao Xurado.

2. Os acordos das seccións adoptaranse por maioría simple de votos e en caso de empate decidirá o voto de calidade da presidencia.

Os membros da sección que discrepen do voto maioritario poderán formular voto particular por escrito no prazo de corenta e oito horas dende o momento en que a presidencia de por finalizada a sesión.



XUNTA DE GALICIA

3. Os acordos serán motivados e farán especial referencia á valoración efectuada e aos criterios de valoración utilizados para cada tipo de ben.

4. A secretaría da sección levantará acta das sesións, na que se incluírá a proposta de valoración que será elevada ao Pleno para a súa aprobación.

Artigo 21. Actuacións do Pleno no procedemento

1. O Pleno estudará as propostas de prezo xusto realizadas polas seccións así como calquera documentación ou informe complementario que acompañe a ditas propostas e as aprobará, de ser o caso, fixando o prezo xusto.

2. Os acordos do Pleno adoptaranse por maioría simple de votos e en caso de empate decidirá o voto de calidade da Presidencia.

Os membros do Pleno que discrepen do voto maioritario poderán formular voto particular por escrito, no prazo de corenta e oito horas dende o momento en que a Presidencia de por finalizada a sesión.

3. Os acordos Pleno serán sempre motivados e farán especial referencia á valoración efectuada e aos criterios de valoración utilizados para cada tipo de ben ou dereito.

Artigo 22. Resolucións e recursos



XUNTA DE GALICIA

1. As resolucións do Xurado adoptaranse no prazo de seis meses, contados dende o día seguinte ao da entrada no rexistro do expediente completo. De non adoptarse acordo no prazo sinalado, entenderanse desestimadas as reclamacións por silencio negativo

2. Os acordos do Xurado poñen fin á vía administrativa e fronte a eles poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ou ser impugnados directamente ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Os recurso potestativo de reposición deberá interpoñerse pola Administración expropiante e os suxeitos que segundo o artigo 14 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, estean obrigados a relacionarse electrónicamente coa Administración, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, mediante a presentación do formulario normalizado e documentación que se indiquen na resolución da Presidencia do Xurado pola que se establezan os formularios normalizados que se vaian empregar neste procedemento.

Artigo 23. Notificacións

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, ás Administracións expropiantes e persoas interesadas resulten obrigadas a recibilas por esta vía. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos.

2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non



XUNTA DE GALICIA

terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel). No caso de Administracións expropiantes e persoas interesadas obrigadas a recibir notificacións só por medios electrónicos deberán optar en todo caso pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida, nin produza efectos no procedemento, unha opción diferente.

4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida pola persoa interesada, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

CAPITULO V

Organización administrativa

Artigo 24. Persoal



XUNTA DE GALICIA

1. O Xurado de Expropiación de Galicia, contará para o exercicio das súas competencias cos empregados públicos que se determinen na relación de postos de traballo da consellería de adscrición.
2. A Presidencia, as vogalías reguladas nos apartados a) e b) do artigo 7.1 e a Secretaria integraranse na estrutura organizativa do Xurado, co nivel orgánico e retributivo de subdirección xeral.
3. O resto do persoal do Xurado integraranse na estrutura organizativa co nivel orgánico que se determine na correspondente relación de postos de traballo.

Artigo 25. *Organización administrativa*

1. Correspóndelle á Presidencia velar polo correcto funcionamento do Xurado, tendo a responsabilidade do control administrativo, orzamentario e de persoal así como cantas funcións puideran serlle encomendadas pola consellería de adscrición.

Para o exercicio das súas funcións, a Presidencia contará coa Secretaría, a Asesoría Xurídica e as vogalías previstas no artigo 7.1.b).

2. Correspóndelle á Secretaría todas as tarefas relacionadas coa organización Administrativa do Xurado así como aquelas que poida encomendarlle a Presidencia.
3. Correspóndelle á Asesoría Xurídica a asistencia xurídica ao Xurado, mediante o asesoramento en dereito e a representación e defensa ante os órganos da xurisdición contencioso-administrativa,



XUNTA DE GALICIA

nos termos establecidos na Lei 4/2016, de 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica de Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público.

A Asesoría Xurídica dependerá funcionalmente da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia e organicamente do Xurado.